

## PEZA DO MES

xuño

2024

---



**CUNCA TIPO ALPIARÇA  
CASTROMAO**



PEZA EN PROCESO DE RESTAURACIÓN

### Cunca tipo Alpiarça. Castromao

Séculos VII-VI a. C.

Cunca carenada

Altura: 10 cm, anchura: 14 cm, grosor: 0,6 cm

Nº de inv. CE005208/117

Son moitos os achados que, ao longo de décadas de traballo, foron recuperados no xacemento arqueolóxico de Castromao, convertendo a capital dos *Coelerni* nun referente para o estudo da cultura castrexa do NO peninsular.

A peza que hoxe presentamos goza de gran singularidade, pois a súa presenza en Galicia só se documenta na actual provincia de Ourense. Coñécese co nome de cerámica de Alpiarça debido á similitude desta con cerámicas atopadas en estacións arqueolóxicas do centro e sur de Portugal. Este tipo de recipientes caracterízase polas formas carenadas, predominantemente abertas, e un coidado brunido das súas superficies, así como a ausencia de decoración, tendo un período de vixencia definido entre o Bronce Final e a Primeira Idade de Ferro.

Os descubrimentos arqueolóxicos realizados na rexión de Alpiarça (Portugal) deron lugar á creación de conceptos como «cerámica de Alpiarça» e «cultura de Alpiarça» por Gustavo Marques e Miguéis Andrade no ano 1974. Estaban baseados en criterios tipolóxicos que foron aplicados a todos os sitios onde se documentaban cerámicas manuais brunidas

e outros artefactos de excepción. Aínda que hoxe en día esta lectura está desfasada e algúns autores desbotan a idea dunha cultura coa denominación da vila de Alpiarça, a realidade é que esta nomenclatura serviu para definir un tipo de cerámica carenada cuxos paralelos se foron extendendo cara ao norte ata chegar á Galicia Meridional.

Foi nos niveis máis antigos de Castromao onde se localizaron varios fragmentos desta peza procedentes das campañas de escavación do ano 1978, levada a cabo por Francisco Fariña Busto, e do ano 1984, en colaboración con Alfredo Seara Carballo.

Se falamos da campaña de 1978, as escavacións estiveron centradas na parte máis elevada do xacemento (croa), distribuídas en catro áreas. Na primeira delas, ao leste do fito xeodésico que marcaba o cumio do monte, documentáronse os alicerces dunha capela medieval de planta rectangular onde apareceron algunhas moedas e un pequeno bronce do século IV. En segundo lugar, no parapeto que delimita esta planicie superior escaváronse dúas catas que permitiron distinguir tres niveis de terra moi escura onde se documentaron cerámicas moi toscas e algúns fragmentos máis significativos relacionados con materiais semellantes ás cerámicas tipo Alpiarça, destacando unha asa mamilar tipo *fociño de porco*, con dous orificios verticais para a suspensión. Nunha terceira área, situada no extremo oeste da plataforma máis baixa da croa, realizouse a apertura de nove cadros de 4x4 m onde se definiu unha secuencia de niveis de ocupación nos que, ademais de estruturas,

aparecen fogares, buracos de poste e material cerámico tipo Alpiarça. Por último, ao oeste desta cuadrícula, nun nivel inferior escavouse parcialmente a canteira, que non tardou en volver cubrirse debido á profundidade que alcanzaba.

No ano 1984 retómanse os traballos na parte alta do castro, así como na muralla que pecha o recinto pola cara noroeste, onde se realizan tarefas de consolidación. Nas escavacións da cuadrícula situada no extremo oeste da croa, documentáronse novos fragmentos de Alpiarça, que, casualmente, coincidían con algúns dos atopados en 1978. Grazas a estes achados e ao labor do equipo de restauración do Museo Arqueolóxico de Ourense, foi posible unha reconstrución parcial da peza expositiva.

Trátase dunha cunca carenada feita a man, de tipo Alpiarça. Presenta colo alto, bordo exvasado e unha carena pronunciada e baixa no corpo, dende onde arrinca un fondo convexo. A pasta é de cor ocre escura coa superficie brunida, o que lle achega brillo, e está decorada con bandas verticais brunidas feitas á dureza de coiro (pasta en proceso de secado). Contén desgraxantes micáceos e de cuarcita de gran fino que lle proporcionan maior resistencia á peza. En canto á morfoloxía, os estudos de Manuela Martins clasifican esta cunca dentro do tipo 5 C, tendo en conta ademais da forma, a altura da carena. Estas pezas son sempre de fabricación moi coidada con superficies alisadas ou puídas e pastas de boa calidade, o que permite incluílas dentro da categoría de cerámica fina.

Este tipo de cerámica, vencellada cos focos da Estremadura portuguesa e do Ribatejo, perde presenza a medida que avanzamos cara ao norte. É sabido que entre as cuncas do Vouga e o Douro emerxen os conxuntos máis nutridos de *taças carenadas*. Aparecen, en menor medida, entre o Douro e o Cávado, sendo xa minoritaria a súa presenza entre o Lima/Limia e o Miño e, desaparecendo ao norte deste último. Os puntos máis setentrionais nos que foron documentadas son San Trocado e Castromao.

No caso de Castromao, os recipientes carenados e puídos aparecen, segundo autores como González Ruibal, na Primeira Idade do Ferro, o que demostraría que a introdución deste tipo de vaixela tería un carácter máis tardío, probablemente cando no sur comeza a perder popularidade. Segundo Calo e Sierra, estas cerámicas carenadas, emparentadas coa tradición de Alpiarça, deberon penetrar no sur de Galicia seguindo o curso do río Limia, aínda que non se desbota a súa entrada a través do Támega. Poderíase pensar, polo tanto, que, dado o seu escaso

número, esta cerámica foi importada; non obstante, a calidade da vaixela carenada ourensá parece inferior á de áreas máis meridionais polo que non se pode rexeitar a idea dunha produción local.

Dentro de Castromao, ademais do obxecto de estudo, atopáronse máis exemplares de Alpiarça, de distintas tipoloxías, destacando unha asa de *fociño de porco* pertencente a un vaso carenado con paralelos no Castro de Santo Estêvão da Facha (Portugal) e varios fragmentos de bordo dunha cunca carenada con acabado espatulado no colo. Durante as escavacións de 1987, no castro de San Trocado, en San Amaro (O Carballiño), descubríronse varios fragmentos dunha cunca con carena media e moi puída, hoxe restaurada, que recordaba as cerámicas de Alpiarça. Tamén apareceron paralelos nas escavacións levadas a cabo na Capela de Santa Catarina de Reza Vella durante uns controis arqueolóxicos en 2010, onde se documentaron dous fragmentos de bordo e corpo carenado. No castro de Laias, a presenza deste tipo cerámico non se descarta, recuperándose un conxunto de cerámicas idénticas ás que apareceron nos niveis máis antigos de Castromao.

En canto á funcionalidade deste tipo de vasillas, non se coñece de maneira exacta o seu uso, quizais, como defende González Ruibal, tivesen distintas utilidades segundo o seu tamaño. Non obstante, ao ser unha cerámica que amosa certa categoría e coidado na súa elaboración, poderíase falar dunha peza cun marcado carácter cerimonial sendo empregada en fitos festivos como festas agrícolas ou ritos de paso familiares.

Os traballos arqueolóxicos e os estudos posteriores que se veñen desenvolvendo dende a década dos sesenta ata a actualidade no xacemento de Castromao non deixan de sorprendernos e continúan a enriquecer o pasado máis remoto á espera de seguir descubriendo novos achados que, como a Alpiarça, nos axuden a desentrañar a historia dos pobos antigos.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

## Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Marta Martínez Parada

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco